



PROVIDENCIA DE INCOACION

Asunto: Incoación do expediente de contratación das obras de “Reparación no depósito de abastecemento de auga potable de A Vila do concello de Porto do Son”, financiado por o Fondo de Compensación Ambiental 2024.

Expediente: 968/2024 (relacionado co expediente da subvención 194/2024)

Visto o informe xustificativo da necesidade de contratar as obras asinado en data de 07/05/2024 e que se transcribe de modo literal:

“De conformidade co previsto no artigo 28, 99 e 116.4 da lei 9/2017 de contratos do sector público, redáctase o seguinte informe co fin de poñer de manifesto os seguintes aspectos no proceso de contratación cunha empresa externa das obras de reparación no depósito de abastecemento de auga potable de A Vila do concello de Porto do Son.

1. Antecedentes de feito

O sistema de abastecemento de auga potable de PORTO DO SON divídese, fundamentalmente, en 2 zonas:

- A ZONA 1, correspondente ás parroquias situadas ao nordés do Concello (Miñortos, Goiáns, Nebra e Noal), onde se concentra o 56,61% da poboación fixa (5.175 habitantes) e atópanse os núcleos principais (Porto do Son e Portosín).
- A ZONA 2 (que en sentido estrito estaría conformada por varias zonas), corresponderíase coas parroquias situadas ao suroeste do Concello (Baroña, Queiruga, Caamaño, Xuño, San Pedro e Ribasieira), onde se concentra o 43,39% da poboación fixa (3.967 habitantes) e non hai núcleos de consideración.

A zona 1 de abastecemento sostense a partir dun sistema municipal de captación, potabilización e distribución de auga potable que dá servizo á práctica totalidade da poboación fixa asentada nas parroquias que a conforman, así como ao importante volume de poboación estacional que visita a zona durante os meses de verán (chegando a duplicar á poboación censada). Este sistema pivota ao redor de 2 Estacións de Tratamento de Auga Potable.

- Porto do Son, cunha capacidade operativa de 40 l/s.
- Portosín, que (por motivo da súa antigüidade e mal estado) apenas alcanza unha capacidade operativa de 10 l/s (dos 20 l/s que inicialmente se lle prevían). Que alimentan (cunha produción conxunta de 389.705 m³ anuais) a dúas redes que operan de modo independente durante os meses de outono, inverno e primavera, e de forma coordinada (a rede de Porto do Son cede auga á de Portosín) durante o período estival.

O DEPÓSITO DA VILA (tamén denominado DEPÓSITO DAS LAXIELES) é unha estrutura de forma tronco-piramidal, de dous vasos, e con capacidade para almacenar 700,00 m³ de auga. A súa execución data de 1975 e para a súa construción utilizouse formigón en masa.

Transcorridos case 50 anos desde a súa execución (sen que fose obxecto de actuacións distintas das relativas á súa normal conservación e mantemento), o **DEPÓSITO DA VILA empeza a mostrar síntomas preocupantes do seu envellecemento** (fisuras interiores e exteriores) **que afectan de modo considerable á súa capacidade para reter a auga** (dando lugar a importantes perdas do recurso) e **comprometen a súa integridade estrutural**.

Ao obxecto de mellorar a situación actual do DEPÓSITO DA VILA, garantindo a súa integridade estrutural e minimizando as perdas do recurso que no mesmo prodúcense (debido as múltiples fisuras e oquedades xeradas polo paso do tempo), o Concello de Porto do Son encarga a un técnico a realización dun proxecto que defina e valore a solución máis adecuada para dar solución á problemática existente.

2.- Contido das prestacións a contratar.





Se definen no Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Vicente Lourido Vázquez de data 22 de febreiro de 2024 e que se indican no mesmo :

“Descrición das actuacións:

TRABALLOS PREVIOS

Levantarase o recubrimento da cuberta existente na actualidade, alcanzando a laxa superior da estrutura e deixándoa lista para traballos posteriores.

Limparase con auga a presión a totalidade das superficies de formigón (tanto interiores como exteriores) correspondentes ao depósito, eliminando todos os restos de sucidade, graxas e po do soporte, e deixando o poro aberto e preparado para traballos posteriores.

IMPERMEABILIZACIÓN INTERIOR

Executarase unha nova soleira (disposta sobre a anterior) de formigón (HM-20/B/20/X0), de 10 cm de espesor, e reforzada con fibras de vidro (2 kg/m³).

Reforzase a impermeabilización de esquinas e encontros entre paramentos de formigón mediante a apertura dunha roza continua de 2x1 cm, e a introdución na mesma dunha xunta estanca deformable.

A selaxe levarase a cabo con mástico estanco e deformable, cunha resistencia a compresión a 28 días maior ou igual a 50 N/mm².

Estenderanse dúas capas de morteiro cementoso impermeabilizante flexible bicomponente (1,5 kg/m² a primeira capa e 1,5 kg/m² a segunda capa) na cara interior de todos os muros do depósito.

Estenderanse dúas capas de revestimento sintético elástico impermeabilizante bicomponente a base de resinas de poliuretano alifático, sen disolventes (0,5 kg/m² previa aplicación dunha man de imprimación

incolora bicomponente a base de resinas epoxi), sobre o morteiro cementoso impermeabilizante aplicado na cara interior de todos os muros do depósito (así como sobre a nova soleira de formigón con fibras).

ACTUACIÓNS EXTERIORES

Executarase unha nova cuberta plana non transitible, non ventilada, con grava, de tipo convencional.

Impermeabilízase, a parte enterrada das caras exteriores dos muros, con morteiro flexible bicomponente (composto por ligantes hidráulicos e resinas sintéticas, aplicado en capas sucesivas, de 2 mm de espesor total).

Revestirase, a parte aérea das caras exteriores dos muros, con morteiro monocapa hidrófobo de rede tridimensional (acabado liso, composto de cemento e cargas minerais, aditivado en masa con polímeros).

Pintarase, con dúas mans de pintura plástica (a primeira man diluída cun 15 a 20% de auga e a seguinte diluída cun 5 a 10% de auga ou sen diluír, cun rendemento de 0,1 l/m² cada man) a parte aérea das caras exteriores dos muros.”

3. Xustificación do procedemento de contratación (Art. 116 LCSP)

O expediente de contratación se tramitará de forma ordinaria, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (de valoración automática e criterios sometidos a xuízo de valor) segundo o disposto no artigo 131.2 da LCSP.

A elección do procedemento non necesita maior xustificación, posto que se trata dun procedemento xeral de contratación das Administracións Públicas.

4. Orzamento base de licitación

Prezo de licitación:

Proxecto	OBRA “REPARACION NO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DE A
----------	--



	SILVA”
Prezo sen IVE	90.000,00€
IVE (21%)	18.900,00€
Prezo con IVE	108.900,00€

Valor estimado do contrato:

Proxecto	OBRA “REPARACION NO DEPÓSITO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA POTABLE DE A SILVA”
Prezo sen IVE	90.000,00€
Modificacións previstas	0,00€
Prórroga execución	0,00€
Valor estimado	90.000,00€

5. Financiamento.

Para acometer este investimento o Concello solicitou unha subvención da Xunta de Galicia, mediante decreto de Alcaldía 2024/191, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), publicada no DOG, núm. 17 do 24 de xaneiro de 2024.

De conformidade con la DA 3ª LCSP, o presente expediente de contratación se tramita anticipadamente, debido a que a subvención que financia parte do contrato está pendente de concesión, polo que someterase a adxudicación á condición suspensiva dos recursos que terán que financiar o contrato correspondente.

6. Insuficiencia de medios propios para executar o contrato.

O Concello non dispón de medios persoais nin materiais para a realización do obxecto do contrato, precisando da contratación externa do mesmo.

7. Xustificación de non división do contrato en lotes.

De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, as prestacións do presente contrato non se dividirán en lotes polas seguintes razóns:

- Atendendo á natureza das prestacións obxecto do contrato, que se configuran como un todo indivisible, faría que a súa realización independente por diversos adxudicatarios dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico. A tal fin consta no expediente informe do técnico redactor do proxecto xustificando a súa non división en lotes.

CONCLUSIÓN Á vista do anteriormente exposto, considérase xustificando con este documento o requisito previsto no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, relativo á necesidade e idoneidade de celebración do presente contrato.”



Considerando que nos atopamos ante un contrato de obras e que a este élle de aplicación o réxime xeral da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e o específico dos artigos 231 e ss. do mesmo texto normativo.

Visto o disposto no artigo 116 Lei 9/2017, do 8 de novembro:

“1. La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.

2. El expediente deberá referirse a la totalidad del objeto del contrato, sin perjuicio de lo previsto en el apartado 7 del artículo 99 para los contratos adjudicados por lotes.

3. Al expediente se incorporarán el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas que hayan de regir el contrato. En el caso de que el procedimiento elegido para adjudicar el contrato sea el de diálogo competitivo regulado en la subsección 5.ª, de la Sección 2.ª, del Capítulo I, del Título I, del Libro II, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento descriptivo a que hace referencia el apartado 1 del artículo 174. En el caso de procedimientos para adjudicar los contratos basados en acuerdos marco invitando a una nueva licitación a las empresas parte del mismo, regulados en el artículo 221.4, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento de licitación a que hace referencia el artículo 221.5 último párrafo.

Asimismo, deberá incorporarse el certificado de existencia de crédito o, en el caso de entidades del sector público estatal con presupuesto estimativo, documento equivalente que acredite la existencia de financiación, y la fiscalización previa de la intervención, en su caso, en los términos previstos en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria.”

Tendo en conta o disposto no artigo 116.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, fixéanse os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato e que son os seguintes:

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NO EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS (55 puntos sobre un total de 125 puntos)	Plan de control de calidad	15
	Programa de trabajo	20
	Programa de actuación ambiental	10
	Esquema del plan de seguridad y salud	10
CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS (70 puntos sobre un total de 125 puntos)	OFERTA ECONÓMICA	40
	REDUCCIÓN PRAZOS (se establecerán os límites no PCAP)	15
	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA (se establecerán os límites no PCAP)	15

Tendo en conta o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril en relación coa DA II da lei 9/2017 de 8 de novembro e o réxime de delegación de competencias mediante resolución nº 806/2023 de 20 de xullo (BOP nº 142 de 27 de xullo de 2023) pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para *“13. As competencia da Alcaldía como órgano de contratación para as contratacións de obras, subministro, servizos, contratos de concesión de obras, contratos de concesión de servizos e os contratos*





administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas a súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Exclúese da citada delegación o acordo de incoación dos correspondentes expedientes de contratación e a potestade de efectuar os requirimentos de documentación xustificativa ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa ao que fai referencia o artigo 150 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do Sector Público e a petición de informes técnicos a petición da Mesa.

Igualmente se exclúen a tramitación e resolución de adxudicación dos contratos menores.”

Visto canto antecede, coa presente DISPOÑO:

PRIMEIRO: Incoar o correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto das obras de “Reparación no depósito de abastecemento de auga potable de A Vila do concello de Porto do Son” con base na xustificación recollida no informe xustificativo.

SEGUNDO.- De conformidade coa DA 3ª LCSP, o presente expediente de contratación tramitase anticipadamente, debido a que a subvención que financia parte do contrato está pendente de concesión, polo que se someterá a adxudicación á condición suspensiva dos recursos que terán que financiar o contrato correspondente.

TERCEIRO.- Ordenar a incorporación ao expediente do Proxecto presentado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Vicente Lourido Vázquez de data 22 de febreiro de 2024 e que servirá de Prego de Prescricións Técnicas regulador da obra, ao que se suxeitará á execución do contrato.

CUARTO.- Ordear que se incorpore ao expediente o PCAP regulador do presente contrato.

QUINTO.- Someter o expediente con tódolos documentos anteriores a informe de secretaría e á fiscalización da intervención municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde-presidente do concello de Porto do Son

José Luis Oujo Pouso

